

Mediante Resolución reitoral do 3 de outubro de 2002 de adaptación e interpretación dos plans de estudos do 2002 da Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo, publícanse as correspondentes táboas de adaptación destes plans de estudos.

Para o alumnado procedente doutras universidades deberá ser o centro o que determine, á vista do plan de estudos correspondente, a relación de materias ou disciplinas obrigatorias e/ou optativas que responden a esta característica. Os créditos correspondentes a estas materias ou disciplinas deberán substituírse por créditos optativos ofertados no segundo ciclo.

Por todo iso, e logo do informe do centro,

Resolvo

Primeiro: Os alumnos que accedan ó plan de estudos de Enxeñeiro de Montes procedente de E.T. Forestal, Especialidade de Industrias Forestais da Universidade de Vigo substituirán as materias que a continuación se relacionan polo seu equivalente en créditos optativos.

a) **Acceso dende o Plan vello (BOE 22 de abril de 1992)**

941406 *Métodos Estatísticos, 4,5 créditos*

941408 *Tecnoloxía de Industrias Forestais, 9 créditos*

811411 *Ampliación de Matemáticas, 4,5 créditos*

b) **Acceso dende o Plan novo (BOE de 22 de agosto de 2000)**

941406 *Métodos Estatísticos, 4,5 créditos*

941408 *Tecnoloxía de Industrias Forestais, 9 créditos*

Segundo: Verbo desta resolución a Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo, de acordo coas Normas de Xestión Académica, realizará directamente esta substitución sen precisar o informe do Centro.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2005

*O Vicerreitor de Organización Académica
e Profesorado*

PD de 11 de xullo de 2003 (DOG 8 de agosto)

Cástor Méndez Paz

Sr. Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Sr. Director da EPS de Lugo, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Xefa da Asesoría Xurídica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Xefa da UXA do Campus de Lugo, Sr. Director do OIU, Sra. Xefa da Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento e Rexistro

X01A